

---

AUDITORIO DE GALICIA

CONCERTOS  
DE ABONO

**REAL**  
**FILHARMONÍA**  
**DE GALICIA**

2017 → 2018

---

**XOVES 11**  
**XANEIRO 2018**  
**20.30 h**  
**Auditorio de Galicia**

**MANUEL HERNÁNDEZ-SILVA** Director  
**PACHO FLORES** Trompeta  
**LEO RONDÓN** Cuatro venezolano  
(participación especial)

---

**Sala Mozart**  
**19.45 h**

Convers@ndo con  
MANUEL HERNÁNDEZ-SILVA director  
PACHO FLORES Trompeta  
LEO RONDÓN Cuatro venezolano

---

# PROGRAMA

---

I

JOHANN BAPTIST GEORG NERUDA (1708-1780)

**Concerto para corno da caccia e cordas**

*Allegro*

*Largo*

*Vivace*

**Pacho Flores**, trompeta

HEITOR VILLA-LOBOS (1887-1959)

**Bachiana brasileira núm. 5**

*Aria*

**Pacho Flores**, trompeta

PACHO FLORES (1981)

**Cantos y revueltas (estrea absoluta)**

**Pacho Flores**, trompeta

**Leo Rondón**, cuatro venezolano

II

SILVESTRE REVUELTAS (1899-1940)

**Redes Suite (arr. E. Kleiber)**

*The Fisherman - The Child's Funeral*

*Second Part*

ALBERTO GINASTERA (1916-1983)

**Suite de Danzas de Estancia, op. 8a**

*Los trabajadores agrícolas*

*Danza del trigo*

*Los peones de hacienda*

*Danza final (Malambo)*

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 30 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc

---

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

---

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal director invitado

Jonathan Webb

## Director asociado

Maximino Zumalave

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecelle ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

---

## VIOLÍNS I

James Dahlgren  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Victoria Jurov  
Claudio Guridi  
Yulia Petrushevskaya  
Michal Ryczel  
Anna Alexandrova  
Ilya Fisher  
Ildikó Oltai  
Kiyoko Ohashi

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Samira Ajkic  
Elina Viksne  
Gyula Vadaszi  
Natalia Cid (R)  
Irina Gruia  
Enrique Roca  
Humberto Cao (R)

## VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Oxana Bakulina  
Iriana Fernández  
Ionela Ciobotaru  
Anne Schlossmacher  
Timur Sadykov

## VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Millán Abeledo  
Carlos García  
Thomas Piel  
Alejandra Díaz (R)

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Oriol Xicart

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*  
Mario Vercher \*\*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*  
Adrián Lavía \*\*\*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*  
Francisco Tomás \*\*\*

## TROMBÓNS

Esteban Méndez (R)  
Iago Ríos (R)

## TUBA

Miguel Franqueiro (R)

## TIMBAL

José Vicente Faus \*

## PERCUSIÓN

Marta Rodríguez \*\*\*  
Germán Agulló (R)  
Diego Ventoso (R)  
Javier Ángel Gómez (R)  
M<sup>o</sup> Isabel Diego (R)  
Pablo Cabanelas (R)

## CLAVE / PIANO

Simona Kantcheva (R)

---

# MANUEL HERNÁNDEZ-SILVA

## Director

Graduouse no Conservatorio Superior de Viena con matrícula de honra na cátedra dos profesores Reinhard Schwarz e Georg Mark. No ano da súa diplomatura gañou o concurso de dirección Forum Jünger Künstler convocado pola Orquestra de Cámara de Viena, dirixindo a esta formación na Konzerthaus da capital austríaca.

Ten dirixido en grandes festivais internacionais e é convidado habitual de orquestras españolas e estranxeiras. Foi director titular da Orquesta de Córdoba e principal director convidado da Orquesta Simón Bolívar de Caracas, coa que traballou intensamente durante máis de cinco anos; e director musical da Orquesta Joven de Andalucía. Na actualidade é director titular e artístico da Orquesta Filarmónica de Málaga. Ademais, desenvolve unha intensa actividade docente, impartindo cursos internacionais de dirección e interpretación, así como numerosas conferencias.

Ten actuado como director convidado coas orquestras Sinfónica de Viena, da Radio de Praga, Sinfónica de Israel, Filharmónica de Seúl (Corea), Filharmónica do Norte da República Checa, Sinfónica de Karlsbad (Alemaña), Filharmónica de Olomouc (República Checa), Rheinische Philharmonie, Orquestra Sinfónica de Biel (Suíza), Sinfónica de Puerto Rico, Nacional de Chile, Sinfónica de Venezuela, Filarmónica de Bogotá, Sinfónica Nacional de México, Municipal de Caracas, Sinfónica Simón Bolívar (Venezuela), Orquestra Sinfónica de Wuppertal (Alemaña) e Filharmónica Janacek (República Checa).

En España ten dirixido á Real Filharmonía de Galicia, Oviedo Filarmonía, Filarmónica de Gran Canaria, Orquesta Ciudad de Granada; e as Sinfónicas del Vallès, Murcia, Bilbao, RTVE, Tenerife, Castilla y León, Principado de Asturias, Comunidad de Madrid, Navarra e á Simfònica de Barcelona i Nacional de Catalunya; ademais da Orquesta Nacional de España.

---

## PACHO FLORES

### Trompeta

Formado no Sistema de Orquestras Juveniles e Infantiles de Venezuela, obtivo o Primeiro Premio do Concurso Internacional Maurice André, o certame para trompeta máis prestixioso do mundo; o Primeiro Premio no Concurso Internacional Philip Jones; e o Primeiro Premio no Concurso Internacional Cittá di Porcia. Recentemente foi galardoado coa Medalla de Ouro dos Global Music Awards xunto a Jesús “Pingüino” González por *Entropía*, o seu proxecto para trompeta e guitarra plasmado en disco en Deutsche Grammophon.

Como solista, ten actuado coa Orquestra Sinfónica de Norrköping, Filharmónica de Turku, Norddeutschen Philharmonie Rostock, Filharmónica de Kiev, Camerata de San Petesburgo, Ensemble Orquestral de París, Orquestra NHK de Xapón, Sinfónica de Tokio, Filharmónica de Osaka, Nacional de México, Filarmónica de Málaga, Simfònica Illes Balears, Sinfónica de Tenerife, Sinfónica Simón Bolívar de Venezuela... Ten ofrecido recitais en salas como o Carnegie Hall de Nova York, Sala Pleyel de París ou a Opera City de Tokio. Como membro fundador do Quinteto de Metales Simón Bolívar, ten participado en numerosas xiras por Europa, Sudamérica, Estados Unidos e Xapón.

Experimentado músico orquestral, tocou como primeiro trompeta coa Orquestra Sinfónica Simón Bolívar de Venezuela, Orquestra Saito Kinen de Xapón e Sinfónica de Miami; baixo a dirección dos mestres Claudio Abbado, Sir Simon Rattle, Seiji Ozawa, Giuseppe Sinopoli, Rafael Frühbeck de Burgos, Gustavo Dudamel ou Manuel Hernández-Silva, entre outros. Director fundador da Academia Latinoamericana de Trompeta en Venezuela, forma a unha prometedora xeración de novos talentos e é convidado habitual dos conservatorios de Finlandia, España, Francia, Xapón e Latinoamérica; e como xurado permanente en prestixiosos concursos internacionais. É un ávido promotor da música contemporánea e fai importantes

---

aportacións tanto á execución como á interpretación do seu instrumento. O seu repertorio inclúe encargos e estreas de obras de compositores como Roger Boutry, Efraín Oscher, Giancarlo Castro, Santiago Báez, Juan Carlos Núñez, Sergio Bernal, Arturo Márquez, Roberto Sierra ou Paquito D’Rivera. O seu primeiro álbum discográfico, “La trompeta venezolana”, foi lanzado polo selo GUATACA Producciones.

Na temporada 17/18 regresou a Tenerife para o concerto inaugural da Sinfónica e, ademais da Real Filharmonía de Galicia, debuta con orquestras como a Sinfónica de Bilbao, Nacional de Lille, Orquestra de Cannes ou a Ulster Orchestra; coas que estreará un novo concerto de Giancarlo Castro dedicado a el. Artista da Casa Stomvi, toca instrumentos fabricados exclusivamente para el por esta afamada firma e participa activamente nos desenvolvementos e innovacións dos seus instrumentos. Pacho Flores é artista exclusivo de Deutsche Grammophon, con quen ten producido xa os discos *Cantar* e *Entropía*, e en breve gravará un terceiro coa Arctic Philharmonic baixo a dirección de Christian Lindberg.

---

## **LEO RONDÓN**

### **Cuatro venezolano**

Cuatrista, guitarrista, contrabaixista, compositor-arreglista e produtor. En Venezuela obtivo o terceiro lugar na Siembra del Cuatro 2007 e o segundo posto na edición de 2012. En 2011 conseguiu o segundo lugar como cuatrista nos festivais El Silbón (Venezuela) e San Martín (Colombia).

Na actualidade é cuatrista, arreglista e produtor do Ávila Quartet, cuarteto de música venezolana. Ademais, é cuatrista do Ensemble L’Arpeggiata, dirixido por Christina Pluhar; e das formacións Alexis Cárdenas y Recoveco,

---

Venezuelan Roots e Joropo Jam, ademais do seu proxecto como solista “Leo Rondon Project”. Dende 2010 organiza, xunto ao mestre Cristóbal Soto, o Curso de Verano Música Criolla Venezolana, un campamento de ensino da música do seu país, na cidade francesa de Mirecourt.

Ten actuado en diferentes e importantes salas de concerto e festivais de Venezuela, Colombia, Portugal, España, Francia, Alemaña, Italia, Luxemburgo, Suíza, Suecia, Reino Unido, Bélxica, Holanda, Kazajistán e Marrocos. Toca con diferentes agrupacións e colabora con artistas como Rolando Villazón, Emiliano González Toro, Richard Galliano, Didier Lockwood, Cristóbal Soto, Ricardo Sandoval, Alexis Cárdenas, Simón Bolívar Big Band de Jazz, Omar Acosta e Roberto Koch, entre outros. Actúa como solista xunto a Alexis Cárdenas y Recoveco no espectáculo *El fuego latino*, organizado pola Orquestra Nacional de Lille e baixo a batuta da mestra Alondra de la Parra, presentando sete concertos na rexión parisiense, onde destaca a importante sala de concertos Philharmonie de Paris. Leo Rondón toca un cuatro fabricado por Mathias Caron.

---

Johann Baptist Georg Neruda

*Concerto para corno da caccia e cordas en mi bemol maior*

Autor pouco coñecido, Neruda suponse nacido en Bohemia pero as súas datas de nacemento e morte son aproximadas. Violinista e violonchelista, foi mestre concertante e notable compositor da orquestra da corte de Dresde. A súa produción musical inclúe dezaioito sinfonías, catorce concertos instrumentais, un deles para trompeta e outro para fagot, sonatas, música sacra e unha ópera, *Les Traqueurs*. Unha das súas obras máis sobranceiras -e seguramente a máis célebre- é o *Concerto en mi bemol maior para corno da caccia e orquestra de cordas*. Inicialmente escrito para o citado instrumento ou trompeta natural sen válvulas, usando só o rexistro alto, que na actualidade se interpreta con trompeta en mi bemol ou en si natural. Composto en tres movementos, o *Allegro* inicial, en forma sonata, destaca pola súa cadencia e coda final. De fonda intimidade e calidez, o *Largo* central ao estilo de *aria da capo*, exhibe unha elaborada musicalidade, exquisito fraseo e áxil articulación. O *Vivace* final, no que a orquestra se adapta ao solista con frases regulares e contaxiosas, é enérxico nos trazos, de gran dinamismo e contén un esixente solo de trompeta para rematar con outra cadencia.

Heitor Villa-Lobos

*Bachianas brasileiras núm. 5*

Foi a súa tía Zizinha Monteiro, pianista e admiradora de Bach, a responsable de que o mozo Villa-Lobos descubriera o compositor alemán nos concertos familiares organizados nos seráns dos sábados. Xa adulto, tras percorrer Brasil e vivir en París, renderíalle homenaxe cunha das súas máis famosas creacións, as *Bachianas brasileiras* que xunto aos *Choros* representan a súa ampla produción que inclúe óperas, música para o cine de Hollywood, unha abundante obra para piano, concertos para instrumentos, música de cámara e as súas 12 sinfonías.

Estas singulares nove *Bachianas brasileiras*, para distintos grupos de cámara e orquestrais, conxugan elementos rítmicos e melódicos propios da música do seu país con tratamentos formais, contrapuntísticos e harmónicos característicos da obra de Johann Sebastian Bach e o espírito popular brasileiro coa rítmica excepcional do seu folclore. A máis recoñecida é a *Bachiana núm. 5* escrita para soprano e violonchelos e transcrita, máis tarde, polo propio compositor para piano e soprano, para violín e voz e arranxada para diversas outras formacións orquestrais. Composta en dous movementos presenta unha primeira parte cadenciosa e sutil e unha



---

segunda chea de ritmo e graza brasileira. De 1938, a *Aria (Cantinelas)*, posiblemente o tema máis coñecido de toda a obra de Villa-Lobos, está baseado nun texto de Ruth Corrêa e dividido en tres seccións nas que destaca a central, un *recitativo expresivo* de estilo barroco. A *Danza (Martelo)*, engadida en 1945, caracterízase pola persistencia martelante do ritmo de *Embolada*, na que a melodía reflicte o son do paxaro que recollen os versos de Manuel Bandeira.

Pacho Flores

### *Cantos y revueltas para trompeta y orquesta*

Sobre esta obra que hoxe se estrea, o propio trompetista e compositor di “[...] Os cantos de traballo son tan antigos que xa os cameleiros beduíns proxectaban ao vento melodías para derrotar o illamento e a nostalxia dos desertos; desa forma pedían a protección de Alá. Estes cantos traídos polos cabesteiros españois foron herdados dos pastores árabes, que lles imprimiron un carácter melismático a estas melodías usadas na recoleita de olivas, laranxas e outros froitos. No noso chairo herdamos estes aires musicais utilizándoos no arreo e a muxidura, pouco a pouco modulados ata chegar a nosas inconfundibles tonadas. A incorporación do ‘cuatro’ venezolano nas *Tonadas* lembra o ritmo do paso dos cabalos. Esta adaptación foi moi significativa pois creáronse cancións doces, amables e con brío baseadas na copla hispana, facendo de guía a todo o rabaño. Na madrugada, o muxidor canta amorosas coplas ‘a capella’ ao seu gando guiando as vacas ata o lugar da muxidura.

*Joropo*, do árabe *xarop*, danza popular en Venezuela, provén do fandango gaditano. De feito, actualmente en bailes campesinos de Lara e Yaracuy chámase *fandanguillo* a unha especie de *joropo* onde o baile intercambia as parellas, demostrando con iso certo galanteo. Nun famoso fandango do padre Soler para clavecín de principios do século XVIII descubriron rexistros melódicos, harmónicos e rítmicos similares ao noso *pajarillo*. As festas organizadas polos mantuanos, elite social máis poderosa de Venezuela, tamén eran coñecidas como “os grandes cacacos”, xa que eles comercializaban con el e cultivábano. Os nosos campesinos, negros e mulatos aprendían *de guataca* (de oídas) esta música tan rechamante, e nos seus anacos libres, toda a peonada ía descubrindo todos os segredos gardados nesta música, coa particularidade que lle imprimiron toda esa forza do negro adaptando a arpa rústica de bambú, ou a bandola construída de *taparo*, todas esas florituradas, ornamentacións e xiros virtuosos do clavecín. Como curiosidade, esta danza

---

foi sancionada polo Real Consulado Español de Caracas e a Igrexa Católica, pois xeraba coqueteos e lazos de sexo polo contacto das mans e os movementos extremos do corpo, asegurando dous anos de cadea para os executores e dous meses para os miróns. De todas estas influencias nacen moitas variacións de *joropos* e unha delas son as *revueltas*. Hoxe é impresionante ver e escoitar a estes campesiños sen formación musical académica nin básica, que son capaces de tocar con tantos recursos tan complexos estes *joropos*. Podería dicir que o pai desta música é o clavecín e a nai o *fandango*. Inspirado nestes dous xéneros tan fortes e presentes na nosa cultura, quixen expresar un pouco a esencia e o perfume destes cantos e bailes populares, iso si, sen necesidade de desprenderme da miña propia realidade artística e sen desmerecer o xogo actual da sociedade neste século XXI. É por iso que estes cantos ou coplas de traballo e estas sortes de fugas, ou porque non, "fugas revoltosas", teñen un toque de modernidade na proposta harmónica e na inclusión de ritmos actuais de *jazz* e *salsa*, tanto así que ata o noso famoso *pajarillo* é un "*pajarillo salsero*".

Silvestre Revueltas

*Redes suite*

Un dos máis importantes e influentes músicos do pasado século en México é, mesmo en toda Latinoamérica, Revueltas. Técnica e esteticamente independente, autodidacta con pouca formación e moi vinculado ao seu país, foi capaz de expresar o carácter indiferente e sentimental pero sempre enérxico, alegre e sarcástico da súa patria. A súa música transcende o nacionalismo formal e afronta os problemas formulados nun mundo no que as novas vangardas loitaban procurando novos camiños expresivos. Aínda que a súa produción foi curta e irregular, en varias ocasións, Revueltas escribiu música para o cinema, unha delas cando o fotógrafo estadounidense Paul Strand chegou a México en 1934 para realizar un proxecto sobre os pescadores mexicanos e os seus conflitos, titulado inicialmente *Pescados* que se convertería en *Redes*, unha historia de ficción dirixida por Fred Zinnemann e Strand. A pesar do vínculo entre película e música, Eduardo Mata dixo: "*Redes* ten un gran valor autónomo, independente da película. En xeral, a música cinematográfica de Revueltas, composta por imperativos económicos, é moi inferior á súa música de concerto, pero *Redes* é a excepción. Como música incidental, funciona porque complementa perfectamente as imaxes da película de Zinnemann, e axuda dramáticamente [...] o que é interesante en *Redes* son os seus valores musicais intrínsecos, evidentes á luz da suite que coñecemos agora.

---

Creo, ademais, que en *Redes* a presenza de Stravinski é tanto ou máis forte que no resto da produción de *Revueltas*.” A película foi un fracaso de vendas a pesar do seu valor documental e da beleza da súa cinematografía e para que a fantástica música de *Revueltas* non fose esquecida durante décadas como a película, o director de orquestra Erich Kleiber, que adoraba a súa música e a súa personalidade, realizou en 1943 unha suite sinfónica cos fragmentos máis importantes da música cinematográfica, a versión máis frecuente nas salas de concerto.

Alberto Ginastera

*Suite de danzas de estancia, op. 8a*

De pai catalán e nai italiana, Ginastera é considerado un compositor nacionalista latinoamericano cuxo catálogo pouco extenso destaca polo seu afán perfeccionista e abarca un amplo abano de xéneros: ópera, ballet, música sinfónica, concertos para solistas, obras corais, música de cámara e mesmo bandas sonoras. Pero o nacionalismo de Ginastera, como o do seu coetáneo Villa-Lobos, non só se nutre do folclore, senón tamén da música inmortal representada polos admirados Beethoven e Bach ao tempo que a súa linguaxe técnica, serialista e ás veces, aleatoria, é contemporánea ao de Bartók, Berg e Stravinski.

En 1941 Lincoln Kirstein, director do American Ballet, encargoulle ao compositor un ballet sobre a vida dos gauchos, titulado *Estancia*, con coreografía de Michel Borowki. A estrutura do ballet, nun acto e cinco escenas, é un arco simétrico que narra unha historia de amor entrelazada cos labores do campo ao longo dun día. Ginastera arranxou catro danzas do ballet como concerto, danzas que contan unha historia de amor que presenta como fondo os labores do campo. Na suite, a música transporta co seu encanto e coa súa forza ao modo de vida dos campesiños da Pampa en termos heroicos. O primeiro movemento, *Los trabajadores agrícolas*, representa o inicio da xornada de traballo dos gauchos e presenta un ritmo agresivo e continuo, marcado pola percusión. *La Danza del trigo* é un interludio máis sereno, poético e incluso sensual, cuxa melodía é introducida pola frauta e retomada polos violíns. O breve, *Los peones de hacienda*, volve con insistentes ritmos e a percusión representa os rudos campesiños. *La Danza final (Malambo)*, claro exemplo da riqueza musical e rítmica da tradición local, representa un concurso de baile entre gauchos no que gaña o último que consegue manterse de pé. O resultado é unha explosión de enerxía e movemento, de ritmo ostinato crecente en forza, complexidade e tempo.

## AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

## OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)  
[www.compostelacapitalcultural.gal](http://www.compostelacapitalcultural.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia  
@CCultura

---

## Xoves 18 de xaneiro

### 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Lars Vogt, director e piano

L. v. Beethoven, *Concerto para piano núm. 2 en si bemol maior op. 19*

S. Prokofiev, *Sinfonía clásica op. 25*

I. Stravinski, *Concerto en re*

L. v. Beethoven, *Concerto para piano núm. 3 en do menor op. 37*

## Xoves 1 de febreiro

### 20,30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

R. Wagner, *Parsifal. Preludio*

A. Scriabin, *Sinfonía núm. 4 op. 54 "Poema do éxtase"* (arr. Joam Trillo)

R. Wagner, *Abertura d'O holandés errante*

C. Debussy, *La mer* (arr. Iain Farrington)

19,45 h Convers@ndo con.....

Paul Daniel



A cafetería permanecerá aberta ao remate do concerto.

Cómpre retirar os vehículos do garaxe trala fin do espectáculo.

---



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA